


Lembranzas de Xornalouro



Corría o mes de Maio do ano 2005, o mes das Letras Galegas. Xa daquela se organizaba o Correlingua entre todos centros da Mariña. O día 6 fomos nós tamén a esta celebración cultural-festiva. Na primeira das fotos vemos a Manuel Alvarez, Alicia Iglesias e Adela Díaz durante a concentración multitudinaria en defensa das nosas letras. Ó mesmo curso 2004-2005 pertence tamén a segunda das fotografías, na que vemos a Genucho e Daniel Trigo nas gradás do noso pavillón durante unhas actividades deportivas. Naquela ocasión atreverámonos a saírmos da norma deportiva habitual de xogar sempre ó fútbol e organizáramos unha sesión de deportes "alternativos", unha serie de deportes non tan populares como o "deporte rei", pero igualmente sans e divertidos. Vemos como Genucho sostiña nas mans un stick de hockey, un dos deportes que se practicaron ese día, entre outros moitos.



Á esquerda, Desfile de Modelos, celebrado o 30 de Abril do ano 2005 no pavillón Municipal de Alfoz. As "modelos" escollidas son Nerea Vivero e Sonia Geadá, que logo serían presentadoras do programa radiofónico *Open Space*, na Radio Valadouro. Na foto da dereita vemos a Cosme Ferreiro e a Xoán Trigo durante unha excursión que fixeramos no Curso 2004-2005 a *Descubre Galicia* e na que participaron alumnos do Primeiro Ciclo da ESO. Como sempre, as excursións eran un dos mellores momentos para sacar fotos. Que guapiños saían todos...!



Festival de Nadal a finais do ano 2004, un macrofestival, con play-backs, karaokes, baile, teatro... Catro horas de espectáculo co Salón de Actos da Casa da Cultura do Valadouro abarrotado. Un dos números estrela fora a pequena obríña de teatro titulada *O roubo da estrela de Belén*, representada por pais de alumnos de 4º, profesores e alguén máis; na foto aparecen Cachín, que facía de nai, Juan Ramón e Pedro, que facían de nenos, e María, a profesora de Música, que facía de Mamá Noel. Á dereita, un dos Equipos de Redacción de Xornalouro, na entrevista a Pepe, de Tapizval: vemos nese equipo a Sonia Geadá, María Quirós, Eva Fernández, Nerea Vivero, Emma Paz, David Villarino, Xoán Trigo, Silvia Pais e Fran Balsa. Todos, naturalmente, con aspecto máis infantil. Agora xa andan todos polo mundo adiante, traballando ou estudando na universidade. En poucos anos, todo cambia.